

Sobre esta entrega de hoxe, [A fin dos Herminios](#), dinos o autor, [Julio Villarino](#) :

"Toda a historia narrada baséase na campaña de Caio Xulio César contra os Herminios, na súa segunda prefectura en Hispania. Aínda que hai moitos elementos de liberdade narrativa, quixen ser fiel aos textos, nomes, e disposicións xeográficas dos textos romanos e da bibliografía do historiador Herminio Ramos.

Alguns historiadores modernos poñen en dúbida a batalla nas Cíes, levándoa ata uns illotes no norte de Portugal, teoría farto dubidosa, especialmente non referente á campaña realizada por César. Coido que o enclave xeográfico (nas actuais Baiona e Illas Cíes) é máis correcto.

Quixen deixar aberto o final, cunha chalupa de superviventes herminios fuxidos da batalla, para dar cabida á viaxe lendaria da que se afirma: *A uns caudillos celtas fuxidos da vila de Erizana, por derrota bélica, apiadados os habitantes daría de Teucro ao velos tan semellantes a eles, guiáronos en naves ata a vila de Brigantium, dende onde embarcaron cara a unhas illas de secreta localización, en ultramar, para evitar "o exterminio do seu sangue"*

. Illas que serían as Británicas, na súa versión máis clásica, ou o continente americano, segundo as versións máis arriscadas. Neste último caso... non sería realmente casual e magnífico, que de Baiona partisen, no 60 AC cara a América, uns primeiros colonos herminios, e que arribasen por primeira vez, en 1493, os mariñeiros de Pinzón coa nova descubrimiento? Por fantástico e lendario, non me resisto a deixalo anotado, ámarxe do texto".

Feliz lectura deste texto a cabalo entre a historia e a lenda.

[Preme aquí para descargar o texto](#)